

GUÍA PARA A REALIZACIÓN DA PRIMEIRA PARTE DA PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO AOS ESTUDOS SUPERIORES DE GRAO EN DESEÑO

Como di na Orde do 21 de novembro de 2016 (DOG de 1 de decembro) pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 4º “a proba específica de acceso ás ensinanzas superiores de Deseño terá por obxecto demostrar que o/a aspirante posúe a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estes estudos”. Así que iso é o primeiro que temos que ter en conta: imos ter que **demostrar** que:

- sabemos expresarnos con claridade e madurez
- temos unha bagaxe cultural e uns coñecementos específicos que nos permitan identificar o tema da proba, desenvolver un discurso sobre él e, ademáis, posuir un vocabulario específico propio das especialidades ás que queremos optar
- podemos elaborar un discurso homoxéneo, ordenado e claro onde expoñamos os nosos coñecementos e opinións sobre o Deseño.

¿E isto cómo se fai?

Ben, o primeiro que hai que facer é ler ben o encabezamento da pregunta. Isto pode parecer unha tontería pero non o é. Na Orde que mencionábamos ao principio se establece que na primeira parte da proba “*durante un máximo de dúas horas, a partir dun texto, imaxe e/ou material audiovisual proporcionado polo tribunal, os/as aspirantes deberán facer por escrito un comentario crítico e razoado e responder á/s cuestión/s que o tribunal lles formule ao respecto*”. Isto o que significa é:

- que o tribunal proporá un tema baixo diferentes aspectos: un texto, unha imaxe, un fragmento audiovisual... Aquelo que nos propoñan será O TEMA do que teñamos que falar.
- que o desenvolvemento do tema terá que ser por escrito pero no só iso: deberá amosar o razoamento do alumno sobre o tema en cuestión e aportar, ademáis, unha opinión crítica sobre o mesmo. E por “crítica” hai que entender unha opinión e valoración persoal razoada e baseada no coñecemento e no gusto do alumno sobre a materia.

Imos poñer uns exemplos.

Imaxinade que o tema se propón en forma de **texto**. Este texto pode versar sobre calquera das ramas da arte ou do deseño. Cando nos enfrentamos a él deberemos lelo con coidado, sulíñando frases que poidan darnos pistas sobre o tema que trata, e unha vez feito isto deberemos ordear os elementos para contestar ás preguntas que nos faga o tribunal (é aconsellable ir anotando impresións ou datos que se nos ocorran a medida que lemos o texto nunha folla aparte para que non se nos olvide nada á hora de comentalo ou de responder ás preguntas que nos faga o tribunal). Podemos obter moitos datos do texto:

- A época en que foi escrito (xa que aínda que non apareza a data do texto sí pode facer referencia a algunha obra ou autor que coñezamos e que nos pode axudar a datalo)
- O tema de que trata: ás veces falará de deseño en xeral, outras dalgunha das ramas do deseño (pode falar de interiorismo, de deseño gráfico, produto ou moda especificamente, e iso deberemos identificalo). Tamén pode ser un texto sobre arte: pode falar da arte en xeral ou dalgunha das súas ramas (pintura, escultura...).
- A aproximación que o texto fai de o tema. Pode tratar da arte e do deseño dende o punto de vista estético (qué criterio estético segue ou a qué estilo artístico pertence), ou falar de cal é a aportación da arte e o deseño á sociedade ou pode centrarse na obra dun autor determinado.
- As conclusións ás que chega o autor do texto (se é que chega a algunha) sobre o tema exposto.

Todo o anterior pódese comentar simplemente con ler atentamente o texto, sen saber nada máis sobre a materia. É entón cando debemos engadir todo aquilo que nos teñamos aprendido sobre a arte e o deseño para complementar a visión do texto e engadir esa parte fundamental que é a opinión persoal crítica sobre o tema.

¿Qué pasa se a tema se propón ao través dunha **imaxe**? Pois facemos o mesmo que co texto, só que non nos imos atopar (con moita probabilidade) o nome do autor. Aínda que poda parecer máis complicado, non o é, xa que a imaxe da tantas pistas coma o texto.

- O primeiro que hai que facer é identificar o tipo de obra que é: unha pintura, un debuxo, un grabado, unha fotografía, un *collage*, unha escultura, un edificio, unha peza cerámica, un vestido, un obxecto funcional (un moble, un electrodoméstico, unha lámpara...), etc.
- Despois deberíamos centrar esa obra nun contexto histórico determinado tras definir as súas características estilísticas. Isto é: pensar nas proporcións, no grado de realismo ou de abstracción, nas técnicas e materiais utilizados para adscribir a obra a un periodo determinado da Historia da Arte e o Deseño.
- Unha vez feito isto, e utilizando os nosos coñecementos sobre a materia, deberíamos comenzar a analizar a obra en función da época e do estilo á que pertenza, a súa función


(é dicir, para qué foi feita). Cantos máis datos podamos aportar sobre ela, mellor. Non é tan importante saber quen a fixo (se o autor é coñecido) como saber adscribila a unha época ou estilo porque eso quere dicir que sabemos identificar esa época ou estilo ao través das súas características formais, técnicas e materiais.

¿E ónde podo estudar todo isto?

Se xa tes estudos de Historia da Arte previos, bastará con que repases os contidos que xa estudiaches nun libro de Fundamentos de Arte de 1º Bacharelato (se fixeches Bacharelato de Artes) ou de Historia da Arte de 2º de Bacharelato. Hai varios libros sobre o tema:



Se non tes feito estudos de Arte no Bacharelato, poder utilizar tamén estes libros para ter unha panorámica xeral da Historia da Arte e do Deseño. Pero, ademáis, se non estás moi familiarizado co vocabulario específico da materia, podes axudarte de libros como algún dicionario de termos de arte. Hay varios no mercado e pódense atopar tamén en bibliotecas públicas con facilidade:



Tamén podes consultar algúns vídeos e documentais sobre a historia da arte e do deseño en YouTube que te axudarán a coñecer un pouco máis sobre deseñadores e tendencias ao longo da Historia:

- <https://www.youtube.com/watch?v=PAcU4XwYGzc> A Historia do Deseño Gráfico resumida en pouco menos de media hora.
- <https://www.youtube.com/watch?v=M7JHcaCoXQQ> Un documental sobre a Historia do Deseño Industrial.
- <https://www.youtube.com/watch?v=mxKPI546izM> Un documental sobre a evolución da vivenda ao longo da Historia.
- <https://www.youtube.com/watch?v=k1VTIq7B8RQ> O primeiro dunha serie de documentais sobre a historia da moda emitidos no Canal Historia (están todos dispoñibles en YouTube).